INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-a03c-1204-3fcc-9fc8-772e-192c-424b-4ad8 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

Cofinanciado por la Unión Europea
ATHENA
HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE MODIFICA O ANEXO DA RR DE 27 DE AGOSTO DE 2026 DE CONCESIÓN DE BOLSAS ERASMUS+ ESTUDOS AO ESTUDANTADO SELECCIONADO NO MARCO DA CONVOCATORIA DE PRAZAS ERASMUS + ESTUDOS, CURSO 2026-27

O 27 de agosto de 2026 publicouse a Resolución reitoral de concesión de axudas Erasmus+ ao estudantado seleccionado no marco da convocatoria de prazas de intercambio Erasmus+ Estudos para o curso 2026-27, con inicio da súa estadía no primeiro cuadrimestre de dito curso (R.R. da convocatoria de prazas de 26/11/2025). Na resolución de concesión de 27/08/2026 relacionábase a listaxe do estudantado adxudicatario da bolsa e as contías das axudas concedidas (Anexo I da resolución), e sinalábanse os motivos polos que as contías das axudas poderían verse modificadas, entre os que figuraba a ampliación ou redución da estadía e/ou financiamento adicional por acreditar a condición de estudante con menos oportunidades, por realizar viaxe ecolóxica ou por cambio de destino por causas xustificadas.

En base á previsión anterior relativa á posibilidade de modificación da contía das axudas, trala solicitude de modificación de estadía por parte do estudantado que a continuación se relaciona, contando co conforme da persoa coordinadora da mobilidade correspondente, e ante o informe favorable da directora técnica da Oficina de Relacións Internacionais.

ESTA REITORÍA RESOLVE

Trala solicitude de **redución da súa estadía ao primeiro cuadrimestre** por parte do seguinte estudantado corresponde a modificación do importe da bolsa concedida a persoa beneficiaria do seguinte xeito:

Apelidos, nome	Destino	Periodo	Importe axuda individual por mes	Axuda viaxe	Axuda individual máxima	TOTAL BOLSA MÁXIMO
González Cid, Claudia	I ROMA02	1º cuadrimestre	600 €	309 €	2.400 €	2.709 €
Pérez Duarte, Lucía	I BOLOGNA01	1º cuadrimestre	600 €	309 €	2.400 €	2.709 €

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño). Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data de sinatura electrónica
A reitora
Por delegación R.R. 02/07/2026 (DOG 08/07/2026)
A vicerreitora de Estudantes e Vida universitaria

Mª Dolores González Álvarez

CSV : GEN-a03c-1204-3fcc-9fc8-772e-192c-424b-4ad8
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA DOLORES GONZÁLEZ ÁLVAREZ | FECHA : 10/11/2026 08:44 | Sin acción específica